

DAS LETRAS GALEGAS 2007 DÍA DAS LETRAS GALEGAS



MARÍA



DÍA
DAS
LETRAS
GALEGAS
2007



MARIÑO

MARÍA MARIÑO MARÍA MARIÑO MARÍA MARI

*Aquí che
deixo meu
peito canso,
aquí”*

*Aquí che deixo, meu
peito canso,
aquí che deixo,
aquí che deixo nestes
branco papel trillado,
neste percuro as boras.
¿Quen eres -
perguntaranche-
quen eres? Son a
néboa que anda soia,
son o sol que quenta as
queixas, dos camiños
son o farto, son o sono
que rixe mundo que
verte tempo,
son o berro caladiño
entre arranque-brío
de sono morto.
Das cousas que non se
atopan tamén son, das
ondas que soio van,
van e van,
delas son, de cando
veñen e veñ vindo
delas son. Son o ledo
daquel sono -terra de
sín pisadas, soio
remañe das cousas-
.Papel branco, trillado,
papel, berra, berra
entre os fortes
desde onde as miñas
verbas che magoan*

"Verba que comenza"
1963

maría
día das
letras
galegas

XULIO VALCÁRCEL

María Mariño: tres ciclos de vinte anos

Hai anos, nunha viaxe ao Courel con Federico García-Cabezón, visitei a campa de María Mariño no cemiterio de Seivane.

Unha sinxela lápida de mármore cubre o seu sono. “María Mariño Carou”, debaixo dunha cruz, é a única inscrición. Nunca, confeso, fun devoto da poesía de María Mariño.

Non din coa chave de acceso ao seu misterio, se é que o ten. A impresión que quítei, nas varias veces que me acheguei aos seus versos, foi decepcionante: a dunha autora sen recursos e cun descoñecemento case completo do que fai.

Si lle concedo unha grande intuición e un vágado interior para o que non atopa a saída axeitada. Estou persuadido de que sen a axuda e o estímulo de Novoneyra, María nunca se tería dedicado a escribir.

Malia o escaso interese que me suscita a súa obra, sobre a que terei que volver con vontade e vagar suficientes —porque me gustaría ser convencido e quero darlle outra oportunidade—, non podoo menos que conmoverme ante o seu destino, a súa enfermidade e morte prematura, aló, no fermoso e afastado Courel, illada e allea da súa Noia natal, do seu mar de xuventude, ao que tanto bota de menos no seus últimos versos.

En tres quendas de vinte anos divide Xerardo Agrafoxo o periplo vital de María Mariño.

Vinte anos en Noia, rapaza solitaria e inqueda, dedicada á costura; vinte anos de sucesivos trocos de residencia (Escarabote, Arzúa, Elantxobe, San Finx...) e vinte anos no Courel.

Sabemos que en varias ocasións, María tratou de convencer ao seu home, Roberto Pose Carballido, para



■ María Mariño tivo na súa poesía unha nada desprezable influencia de Rosalía de Castro e de Uxío Novoneyra

abandoar a montaña e regresar á ribeira. Foi inútil.

Roberto era o mestre de Parada, a onde o matrimonio chega, tras un curso en Romeor, en outono de 1947. Alí, naquelas duras, irtas e soedosas terras do Courel, o mestre e a poeta habían de sufrir un verdadeiro exilio interior, a pesares do respecto e do recoñecemento dos veciños.

En Parada residiría María Mariño ata a súa morte, vinte anos despois, a piques de cumprir os sesenta da súa idade. Cal foi o motivo de tan longa estadía non é fácil establecelo.

Dunha banda, o Dr. Baltar recomendoulle a María, que chegara enferma dos nervos por mor dunha serie de des-

grazas familiares, que permanecese no Courel; pero non parece razón suficiente. Doutra, o marido, Roberto, era xordo e tiña problemas de comunicación. Talvez en Parada se sentise máis cómodo, integrado e aceptado, sen a presión e os comentarios que podían amolalo noutros destinos. A relación de María con Uxío podería xustificar tamén, en parte, esa permanencia.

Dez anos tardou María Mariño, desque chegou ao Courel, en decidirse a escribir, primeiro en castelán e logo en galego.

“Palabra no tempo” sería o resultado deste traballo para o que buscou padriños, segundo Xerardo Agrafoxo (Biografía de María Mariño.

Editorial Galaxia. Vigo, 2007), desplazándose a Madrid e a Ribadeo.

Na capital entrevistouse cun fillo de Eugenio d’Ors, Pablo, tratando de que lle buscasse canle para os seus poemas. E Ribadeo solicitou a axuda, que non obtivo, de Gamallo Fierros.

*E posible que sen o
apoio de Novoneyra
e Méndez Ferrín a
súa figura estivera
totalmente esquecida*

*Habrá que volver
sobre unha obra
que a día de hoxe
permanece
dubidosa*

Por fin, en outubro do ano 1963, sae o libro en Lugo, cun limiar de Otero Pedrayo e tapa de Antón Patiño, nunha edición en todo propiciada por Uxío Novoneyra.

María Mariño volvería coller a pluma uns anos máis tarde, cando afectada xa pola leucemia, empeza o primeiro dos trinta e tres poemas que compoñen o seu segundo e último libro, "Verba que comeza".

Elaborado de marzo a marzo, do mil novecentos sesenta e seis ao mil novecentos sesenta e sete, o poemario é unha xanela aberta á soidade, á dor e á angustia da morte que sente achegada.

En efecto, o 19 de maio do ano 1967 María Mariño Carou deixa o mundo dos vivos e pasa a habitar os seus versos. Neles a podemos atopar.

En outubro de 1963 sae o libro en Lugo, cun limiar de Otero Pedrayo e tapa de Antón Patiño



■ Mulleres de Parada, diante do cadaleito de María Mariño

Obra editada e bibliografía

- Palabra no Tempo, Editorial Celta, (1963)
- Verba que comeza, Concello de Noia (1990)
- Obra Completa, Edicions Xerais (1994)

Bibliografía

- NOVONEYRA, U., "María Mariño, noíesa do Courel. Dinamiteira da Fala", A Nosa Terra, n.º 189-190 (1982).
- MENDÉZ FERRÍN, X.L., De Pondal a Novoneyra, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1984, p. 95-97.
- BLANCO, C., Literatura Galega da muller, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1991, p. 233-274.
- SANJURJO FERNÁNDEZ, V., "Introducción", en MARIÑO, M., Obra completa, María Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1994, p. 13-57.
- "MARÍA Mariño", Festa da Palabra Silenciada, n.º 13 (1997).
- "MARÍA Mariño", Festa da Palabra Silenciada, n.º 21 (2006).

XI mostra de artesanía e libro de Culleredo

CANTERÍA - COIRO - TEAR - XOIEIRÍA - MADEIRA - CERÁMICA - PIROGRABADO - ENCAIXE - PIZARRA - PATCHWORK - CESTERÍA

xoves 17 de maio de 2007 DÍA DAS LETRAS GALEGAS
PRAZA EUROPA, O BURGO

Nota : a feira funcionará ininterrompidamente de 10 a 20 h.

Organizan:



FESTIVAL

Xoves 17 de Maio 19:00 h. Centro Social e Recreativo de Rutis Vilaboa

Grupo Instrumental de Maiores. Coral de Maiores.
Grupo Folclórico "Toxos e Xestas" do C.S.C.R de Rutis.
Banda de Música de Negreira
Agrupación Folclórica Ancoradoira

LETRAS GALEGAS 2007

